

Semana Santa en Compostela 2008: Paixón, música, gastronomía e moito máis



A Semana Santa nunca foi máis intensa en Compostela. Ás tradicionais procesións e actos litúrxicos destes días, Turismo de Santiago engade un **programa gastronómico** e un **programa turístico**: a segunda edición de 'Sabores de Paixón', que leva os pratos e doces de Coresma a 70 establecementos; e as visitas e excursións turísticas de Compostur, que inauguran a temporada alta na cidade.

As iniciativas complétanse co **programa cultural**, a cargo do Consorcio de Santiago, que reedita por terceira vez o prestixioso 'Festival de Músicas Contemplativas'.

Todos os eventos recóllense no programa de man, editado en tres idiomas, e na web www.SemanaSantaSantiago.com

Unha Semana Santa para 'apaixonarse' pola cidade.

1. SEMANA SANTA GASTRONÓMICA: 'SABORES DE PAIXÓN'

14 ao 23 de marzo

A segunda edición deste programa gastronómico de Semana Santa creado por Turismo de Santiago presenta do 14 ao 23 de marzo a oferta especial de 70 establecementos con menús e produtos da cociña de Coresma.



28 RESTAURANTES en 'Pratos Coresmais':

Cartas de vixilia e cociña de Coresma, con énfase no peixe

A Barrola I, A Barrola II, A Curtidoría, Ana, Ángel, Balboa, Caney, Carretas, Casa Elisa, Casino, Crêperie Crecotté, Don Gaiferos, Don Quijote, El Estanco del Hórreo, El Patio, Enxebre, Gambrinus, Los Caracoles, O Bigotes, O Celme do Caracol, O Dezaséis, Pasaje, Petiscos, San Clemente, San Jaime, Toñi Vicente, Vilas, Xantares.



21 TAPERÍAS en '14 Estacións'

Petiscos de Semana Santa para 'procesionar' de local en local

A Gamela, A Taberna do Bispo, Abellá, Ambitus Veter, Azul, Bierzo Enxebre, Caney, Casa Rosalía, Central, Ferro, Latino, Los Caracoles, Negreira, O Beiro, O Gato Negro, O Filandón, Orella, Senra, Trafalgar, Xantares, Yunque.



12 CAFETARÍAS en 'Rutas Capuccinas'

Cafés especiais e xeados coas cores simbólicas das confrarías compostelás

Agarimo, Airas Nunes, Casino, Farggi, Iacobus (4 sucursais), L'Incontro, Maycar, Rock Santiago, Venticinco de Julio.



9 PASTELARÍAS en 'Doces Paixóns'

Repostaría e panadaría de Semana Santa

Airas Nunes, Aldayra, Convento de Belvís, Ébano, La Estrella, Panadería San Luís, San Roque, Suevia.



2. SEMANA SANTA TURÍSTICA: VISITAS GUIADAS E EXCURSIÓNS DE COMPOSTUR

Con motivo da Semana Santa, Turismo de Santiago e Compostur ofrecen un calendario especial de actividades, entre as que destacan as visitas guiadas ás principais igrexas e as visitas guiadas aos conventos de clausura.

No calendario inclúense ademais o tour gastronómico, o tour nocturno e a visita guiada en inglés. O tren turístico e as audioguías en mp3 completan o abano de posibilidades para descubrir a cidade.

As excursións organizadas dun día a Fisterra-Costa da Morte e ás Rías Baixas permitirán ademais achegarse ao resto de Galiza con toda a comodidade.

Semana Santa 2008: Calendario turístico

Xoves 20 marzo	Venres 21 marzo	Sábado 22 marzo	Domingo 23 marzo
Excursión Fisterra 9:00	Excursión Rías Baixas 9:00	Excursión. Fisterra 9:00	Tour cidade histórica IN 16:00
Conventos de clausura IN/ES 10:30	Igrexas IN/ES 11:00	Conventos de clausura IN/ES 10:30	
Tour gastronómico IN/ES 11:00		Tour gastronómico IN/ES 11:00	
	Tour nocturno ES 22:30	Tour nocturno ES 22:30	





3. SEMANA SANTA CULTURAL: III FESTIVAL DE MÚSICAS CONTEMPLATIVAS 18 ao 22 de marzo

A terceira edición deste evento imprescindible, organizado polo Consorcio de Santiago entre o 18 e o 22 de marzo, volverá a encher as igrexas monumentais compostelás cos acordes da música sacra de distintos recunchos do mundo. Nove templos rehabilitados polo Consorcio dentro dos seus programas de conservación da cidade histórica convértense así en privilexiados escenarios para este ambicioso percorrido polos sons da espiritualidade, que coincide coa celebración do Ano Europeo do Diálogo Intercultural.

Dez concertos –ata tres diarios, algún a medianoite- conforman un programa que integra as músicas europeas e extraeuropeas en harmónica coexistencia: a música croata do Ensemble Diálogos, a tradición ortodoxa do Coro do Patriarcado de Moscova e o canto popular de Cerdeña traído por Sos Cantores de Cuglieri conviven con tres estreas absolutas en Europa: os cantos sufís de Tarika Qadiría Buchichía, o canto carnático hindú de Sanjay Subrahmanyam ou a tradición árabe, persa e kurda recollida polos iraquís Anwar Abudragh & Maqamat Ensemble.

Completan o ciclo catro agrupacións europeas: Ricercar Consort, Binchois Consort, The English Concert e Unicorn.

Entradas gratuítas ata completar o aforo.

4. SEMANA SANTA RELIXIOSA: PROCESIÓNS E ACTOS LITÚRXCOS

A Semana Santa Compostelá reviste desde sempre un encanto especial. A conmemoración da Paixón, morte e resurrección de Cristo, de profundo significado para a fe cristiá, atopa nesta cidade magníficos escenarios que dotan ás tradicionais procesións dunha solemnidade particular.

As doce confrarías compostelás organizan os seus pasos segundo antigas disposicións, portando pesadas e fermosas tallas da Virxe, de Cristo ou dos apóstolos, todas moi veneradas polos composteláns. Crentes e non crentes marabíllanse ao seu paso silencioso, acompañado só polo son ferinte das cornetas e polo ritmo grave dos tambores.

Todos os percorridos e horarios dos pasos están dispoñíbeis en www.SemanaSantaSantiago.com

